



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DA GUARDA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2016.

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día trinta de setembro do ano dous mil dezaseis, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Antonio Lomba Baz e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez .
- D. Miguel Ángel Español Otero.
- D^a. Elena Baz Rodríguez.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a.M^a de la Concepción Ortega Martínez.
- D. José Carlos Castro Martínez.
- D. Roberto José Álvarez Carrero (que se incorpora cando se cita)
- D^a Elena Acevedo Rolán.
- D. Óscar Alonso Álvarez.
- D. Ángel Luis Baz Vicente.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a M^a Mercedes Martínez Vázquez
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
- D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira.

Actúa como secretaria a da Corporación dona Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada o señor Alcalde pasa a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 29/07/2016; EXTRAORD. 29/08/2016).

A señora Iglesias Ferreira di que se absterá na acta extraordinaria de agosto posto que non estivo ausente e di que na páxina 11 da acta de xullo hai un erro no número de votos a favor.

O señor Rodríguez Fariñas pide que se rectifique o punto 6 da orde do día do actual pleno xa que se di que é unha proposta da Alcaldía cando non é certo, foi proposta da Comisión de Asuntos Plenarios. Dito esto di que aprobará as actas.

O señor Baz Vicente di que aprobarán as actas.

A señora Ortega Martínez di que aprobarán as actas aínda que as respostas que lle dan ás preguntas formuladas por escrito parécelle case un insulto á intelixencia..

O señor Español Otero di que aprobarán as actas.

Sometida a votación a acta de **29/07/2016** foi aprobada pola UNANIMIDADE DOS CONCELEIROS:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

Sometida a votación o acta de **29/08/2016** foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vázquez (trece votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. **Baz Rodriguez, Alonso Alvarez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (catro abstencións).**

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS.

A señora Iglesias Ferreira dáse por enteirada.

O señor Rodríguez Fariñas di que quere preguntar varias cousas:

- Di que hai que mirar a maneira de resolver o problema dos reparos que case sempre son os mesmos. O sr. Alcalde di que oxalá puideran resolvelo canto antes. O sr. Rodriguez Fariñas di que non pode crer ó Alcalde e que non entende que sexa tan difícil de resolver. Se é necesario hai que pedir axuda a outras instancias.
- O sr. Rodriguez Fariñas pregunta tamén polo pago de tribunais xa que se falou que ditos tribunais serían en horario laboral e aquí se está dando conta duns pagos por tribunais que el supón que se están facendo fora de horario laboral. O sr. Alcalde di que a maioría dos tribunais son en horario laboral pero que algún se fixo puntualmente pola tarde porque non se podía realizar en horario laboral. Recorda que foron dúas seleccións de persoal que tiveron varias sesións. O sr. Rodriguez Fariñas di que o decreto ten 4 follas.
- O sr. Rodriguez Fariñas fala do Decreto 510/2016 no que se convoca a persoal para participar no proceso de contratación dun avogado. Se chama a tres avogados que son os mesmos que na anterior ocasión e non se invita a ningún do pobo aínda que están igual ou mellor preparados.

Incorporase o Sr. Alvarez Carrero.

- O sr. Rodriguez Fariñas fala do decreto 511/2016 no que consta un reparo por unha axuda a algunha asociación da que forma parte algún membro da corporación.
- O sr. Rodriguez Fariñas critica as regalías do mes de xullo a dous funcionarios. Di que se pode pedir un secretario a Deputación. O Sr. Alcalde di que o secretario acctal. cobra unhas retribucións ás que ten dereito por lei. O sr. Rodriguez Fariñas di que o secretario acctal. non ten dereito a cobrar esa produtividade porque non ten titulación necesaria. O sr. Español Otero di que se pagou o que marca a lei por un posto que desempeñou nomeado pola Dirección Xeral.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

- O Sr. Rodríguez Fariñas pregunta se a empresa Publicidad Oia ten algunha oficina na Guarda. Pide a resposta por escrito.
- O sr. Rodríguez Fariñas pregunta se hai na Guarda unha praza denominada San Vicente (decreto 625/2016).

O señor Baz Vicente di que se dan por enteirados.

A señora Ortega Martínez di que se dan por enteirados e reitera a queixa de que se lle deberían dar os decretos cada 15 días.

PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2015.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta da Alcaldía:

“Formulada e rendida a Conta xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ao exercicio económico de 2015, informada pola Comisión especial de Contas, en sesión de data 11 de agosto de 2016, e exposta ao público durante quince días hábiles e oito días máis, esta alcaldía en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar alegacións presentadas á Conta Xeral do exercicio 2015,

Segundo.- Aprobar a Conta Xeral do Concello da Guarda correspondente ao exercicio 2015.

A Guarda, a 20 de setembro de 2016

O Alcalde,

Antonio Lomba Baz”

A Sra. Iglesias Ferreira remítese ó exposto por ela na sesión da Comisión Especial de Contas de 11 de agosto de 2016 e di que votará en contra.

O sr. Rodríguez Fariñas pregunta á Secretaria se na maneira que se reciben os reparos se está dentro da Lei. A Lei di que a documentación debe ir enumerada, sellada e co seu índice. Di que de 165 reparos hai 66 suspensivos. As contas non sirven para nada porque non hai inventario actualizado, non hai plan de disposición de fondos, etc...

A sra. Interventora informa sobre o contido da Lei no seu artigo 218 e di que se está cumprindo a Lei.

O sr. Rodríguez Fariñas di que o resultado das contas é nulo e polo tanto vai votar en contra.

O sr. Lomba Alonso pide que, por responsabilidade, se obvien os nomes de persoas individuais cando se dan determinadas cifras. Di que hai que facer un análise político. Di que se poden facer obxeccións ós informes sin poñer en tela de xuízo a súa capacidade pero o que vai facer o BNG é un análise político das contas. Di que estas contas están baseadas nuns orzamentos nos que non se tivo en conta á oposición. Pídelle o equipo de goberno que escoite con atención ó que lle vai dicir ó BNG: O BNG vai actuar con responsabilidade, pero



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

pide que se tomen en serio a súa situación de “maioría minoritaria”. Di que se van abster para que as contas sexan aprobadas xa que consideran que é peor non aprobar as contas debido a que é necesaria dita aprobación para obter subvencións. Recalca que non se sinten responsables delas porque non participaron nos orzamentos que lle sirven de base e polas formas do equipo de goberno. Pide que se teñan en conta as recomendacións dos técnicos para as contas e para os orzamentos. Di que o BNG non presentou alegacións porque as súas alegacións son políticas. O BNG vaise abster por responsabilidade política

A sra. Ortega Martinez di que comparte a opinión do BNG. Di que se van a abster por responsabilidade pero que se observan unha gran cantidade de reparos que teñen facil solución. DI que hai reparos por saltar a prelación de pagos, por productividades dadas sen ningún tipo de regulación, por responsabilidade patrimonial.... Di que xa fai un ano que pediron que se elabore unha ordenanza de emerxencia social. Sinala que a Festa da Langosta está tan reparada que ten un informe demoledor. Di que nas contas non hai nada que se poida salvar. Non obstante vanse abster por responsabilidade. Recorda que por moito menos hai alcaldes do Partido Popular en fiscalía e dille ó Alcalde que pense ben o que está facendo.

A sra. Magallanes Alvarez pide pausa nas formas de manifestarse. Resalta a importancia da aprobación da conta xeral pero sinala que non implica a aceptación do seu contido. A aprobación é un acto formal para poder sometela á fiscalización externa. Di que se vai enviar a Conta Xeral o próximo luns. Di que se levan feito moitos esforzos para resolver o problema dos reparos. Agradece o posicionamento dalgúns grupos da oposición.

A sra. Iglesias Ferreira di que exercizo de responsabilidade é elaborar unhas contas que se poidan aprobar. Di que estes problemas veñen de moito atrás.

O sr. Rodriguez Fariñas di que a abstención é un acto de complicidade ante unha xestión mal feita. As contas están mal. Non hai compromiso de facer os contratos e as xestións para mellora-la situación. DI que non é certo que non haxa responsabilidade na aprobación das contas.

O sr. Lomba Alonso di que, técnicamente, nin siquiera votando a favor se está aceptando o seu contido. Recalca que o BNG non é responsable destas contas, nin está de acordo con elas, pero abstéñense para, entre outras cousas, poder optar a subvencións. Entende que os responsables son os que gobernan.

O sr. Español Otero di que precisamente a aprobación das contas permite a súa remisión ó Consello de Contas para que as fiscalice.

A sra. Ortega Martinez recorda que non están de acordo co contido das contas.

O sr. Rodriguez Fariñas dille ó alcalde que vote unha ollada a prensa de onte sobre o bloqueo do PP e o PSOE a un expediente de recoñecemento de crédito en Ferrol .

A sra. Magallanes Alvarez di que a conta xeral reflexa a realidade das contas do ano 2015 e é necesaria a súa aprobación para remitilas.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (7): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA (2): Sres/as. Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dous votos en contra).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS (8): Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vázquez (oito abstencións).

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE LIMPEZA PÚBLICA E DE RECOLLIDA DE LIXO .

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta da Alcaldía.

“Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello da Guarda de data 27 de maio de 2016 o “Regulamento de limpeza pública e de recollida do lixo” do Concello da Guarda e sometido a información pública, foron presentadas as seguintes alegacións:

- RE 4308 de 6 de xullo de 2016, polo PP
- RE 4774, do 22 de xullo de 2016, polo BNG.

Foron emitidos informes de Secretaría e Intervención, e vistas as alegacións presentadas, se eleva a seguinte proposta:

- *Aceptación das seguintes alegacións: primeira e segunda do PP; segunda alegación do BNG; alegación sétima do BNG; sexta do PP.*
- *Rexeitamento das seguintes alegacións: terceira , cuarta e quinta do PP, por non conter unha proposta de redacción concreta; primeira do BNG seguindo a recomendación da Real Academia da Lengua, que sinala que “ este tipo de desdoblamentos lingüísticos son artificiosos e innecesarios”; alegación terceira do BNG, dado que coas novas tecnoloxías e co sistema de reparto de cartelería polos establecementos se considera suficiente, o que non impide que nalgún momento se instale algún, pero non se considera xeitado incluílo na redacción do regulamento; alegación cuarta do BNG, pois xa se contempla a excepcionalidade de utilización do mobiliario público para tal fin; alegación quinta do BNG, pois se trata dunha obriga do Concello e xa se está facendo; alegación sexta do BNG, porque a relación de lugares pode cambiar en función das necesidades e épocas, e fixalo no regulamento obrigaría á súa modificación cada vez que exista un cambio; alegación oitava do BNG, porque non é necesario contemplalo, se trata dunha obriga do Concello e xa se ven facendo.*

*Tendo en conta o exposto e acordo co procedemento legalmente establecido, propono ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:***

1.- Resolución das alegacións presentadas de acordo cos motivos expostos e aprobación definitiva do “ Regulamento de limpeza pública e de recollida do lixo” do Concello da Guarda, co seguinte texto:

“REGULAMENTO DE LIMPEZA PÚBLICA E DE RECOLLIDA DO LIXO”

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

Este regulamento ten por obxecto a regulación:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- a. *das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos;*
- b. *da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos, do seu transporte ao vertedoiro público e, de ser o caso, do seu tratamento;*
- c. *do mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade; e*
- d. *de medidas de protección do medio ambiente natural e urbano.*

No que se refire a xestión dos residuos urbanos, incluíndo a recollida, almacenamento, transporte, valorización e eliminación dos mesmos e as obrigas do concello, esta ordenanza atende aos principios da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia e demais disposicións aplicables.

Artigo 2.- Definición.

Teñen a condición de residuos urbanos ou municipais: os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a condición de perigosos e que, pola súa natureza ou composición, poidan asimilarse a os producidos nos lugares ou actividades anteriores .

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

- a. *Residuos procedentes da limpeza ordinaria de vías públicas, zonas verdes, areas recreativas e praias.*
- b. *Residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festas, acampadas e outras actividades semellantes.*
- c. *Animais de compañía mortos; mobles utensilios e automóbiles abandonados.*
- d. *Entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.*

En xeral, considéranse residuos urbanos ou municipais aqueles cuxa recollida, transporte, almacenamento ou depósito controlado lles corresponda aos concellos de acordo co establecido expresamente na lexislación do réxime local e nas demais disposicións vixentes.

Artigo 3.- Limpeza de vías e espazos públicos.

A limpeza da rede viaria, dos espazos públicos e da recollida do lixo que se orixine neles será responsabilidade municipal.

Nos casos de autorización ou concesión de ocupación de espazos públicos, o titular da autorización deberá mantelos, así como o seu entorno máis próximo, nas debidas condicións de limpeza, así como tamén calquera elemento instalado sobre aqueles.

Artigo 4.- Limpeza de inmobles e espazos privados.

A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular corresponderalles aos seus donos.

Os ocupantes dos inmobles urbanos e, subsidiariamente, os propietarios deberán manter sempre limpos os patios de luces, escaleiras exteriores e outras areas comúns.

Artigo 5.- Prohibicións

1. *Está totalmente prohibido.*
 - a. *Botar ou depositar nas vías e espazos públicos, fora dos contedores ou papeleiras, calquera clase de lixo, así como restos orgánicos, alimentación para animais e feces de animais domésticos.*
 - b. *Botar ás beirarrúas e calzadas calquera clase de refugallo ou líquido procedente da limpeza de locais e vivendas*
 - c. *Botar ao lixo restos de explotacións agrícolas como plásticos de invernadoiro, sacos de fertilizantes, envases fitosanitarios, etc. Este tipo de residuos haberá que levalos ao punto limpo*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- d. *Botar ao lixo restos de artes de pesca ou similares, redes, caixas, etc. Estes depositaranse nos contedores que ten portos para tal efecto.*
- e. *Botar nas papeleiras líquidos ou lixos sólidos que pola súa natureza e dimensións sexan inadecuados para aqueles recipientes. As papeleiras, como o seu nome indica, deben ser para depositar papeis, envoltorios ou restos de pequenas dimensións.*
- f. *Depositara en contedores destinados á recollida selectiva materiais ou lixos distintos dos previstos.*
- g. *Depositara residuos procedentes da limpeza de calquera tipo de predio ou xardín.*
- h. *Introducir nos contedores residuos voluminosos do fogar, animais de compañía mortos, residuos de construción ou demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos no contedor.*
- i. *Realizar calquera acto que supoña o estrago ou deterioro dos contedores e papeleiras.*

Artigo 6.- Outras prohibicións

Tamén está prohibido realizar as seguintes actividades.

- a. *Lavar, limpar e amañar automóbiles, e cambiarlle o aceite e outros líquidos nas vías e espazos públicos.*
- b. *Sacudir alfombras, esteiras ou calquera outro elemento na vía pública ou dende as fiestras, balcón ou terraza que dea sobre ela.*
- c. *Pór tendais de roupa nos ocos das fachadas exteriores dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.*
- d. *Pór tarros de plantas ou outros elementos nos ocos, ventás e balcóns dos edificios sen suxeitar debidamente para evitar o risco de caída sobre a vía pública.*

Artigo 7.- Limitacións da publicidade na vía e equipamentos públicos

1. *Non está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten o lanzamento de carteis, follas ou calquera outro elemento impreso nas vías e nos espazos públicos.*
2. *Non está permitido pegar, prender ou pendurar carteis con propaganda ou publicidade, facer pintadas e pór folletos nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario e no equipamento urbanos (farolas, marquesiñas..) , agás eventos de interese municipal.*
3. *Non está permitido pegar, prender ou pendurar carteis con propaganda ou publicidade, facer pintadas e pór folletos nos contedores.*
4. *Serán responsables da infracción das normas contidas nos dous apartados anteriores os que realicen, promovan ou xestionen aqueles actos, e, se estes non foran identificados, as persoas ou entidades que aparezan na publicidade.*
5. *Coa autorización expresa do concello, permítese os actos de propaganda electoral nos períodos e lugares sinalados conforme a lei así como outras accións de propaganda e publicidade de interese público, como eventos deportivos e culturais, festas e propaganda turística.*
6. *Serán excepcións ao apartado 2. as pintadas murais de carácter artístico que se realicen coa autorización do propietario ou, no caso de facerse sobre un espazo público, coa autorización municipal.*
7. *Coa finalidade de preservar o medio ambiente natural e urbano en boas condicións estéticas, está prohibido pór publicidade que sexa visible desde as zonas de dominio público das estradas e camiños, a non ser nos treitos urbanos, onde se*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

poderá instalar contando co permiso municipal e nas condicións que o concello determine.

Artigo 8.- Obrigas dos titulares de establecementos, quioscos e outras instalacións de venda

1. *Os titulares ou responsables dos quioscos, postos ou outras instalacións de venda na vía pública debidamente autorizadas, están obrigados a manter limpo o espazo que ocupen e mailo seu contorno durante o horario no que realicen a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado, unha vez finalizada esta.*
2. *Esta obriga tamén lles incumbe aos titulares de cafeterías, bares e outros establecementos públicos en canto á superficie da vía ou espazo público que ocupen con mesas, cadeiras e outros elementos, así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.*
3. *Os titulares de establecementos nos que se desenvolvan actividades que polas súas características orixinen papeis, impresos, plásticos, envolturas ou refugallos semellantes, porán papeleiras ou recipientes para o lixo nun lugar destacado dos seus locais coa finalidade de que os usuarios destes non os boten á vía pública.*

Artigo 9.- Operacións de carga e descarga

Os responsables do transporte e, subsidiariamente, os titulares de establecementos ou actividades nos que se realicen operacións de carga e descarga deberán proceder, cantas veces fose preciso, a limpeza e/ou lavado da vía pública, para manter esta nas debidas condicións.

Artigo 10.- Transporte de terras, escombros ou asimilados

Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais poeirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis, ou calquera clase de materiais que pola súa natureza poidan verterse, caer ou espallarse sobre a vía pública, deberán tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública parte dos materiais transportados. De producirse a caída polos motivos citados ou por causa dun accidente, teñen a obriga de recollelos e limpar perfectamente os residuos así como, se é o caso, baldear a zona afectada, dando conta do feito á policía local

Artigo 11.- Circos e atraccións itinerantes

As actividades tales como circos, teatros, atraccións itinerantes e outras que, polas súas características especiais utilicen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza de 600€ que garanta as responsabilidades da súa actividade.

Artigo 12.- Animais

1. *Os posuidores de cans ou outros animais domésticos están obrigados a retirar calquera defecación depositada en vías e espazos públicos ou privados de uso público no momento no que se produzan. Queda prohibida a defecacións en espazos verdes públicos e parques infantís.*
2. *Está prohibido realizar na vía pública abandono de animais mortos e limpeza de animais.*

CAPÍTULO II

LIMPEZA DE TERREOS E EDIFICIOS

Artigo 13.- Obrigas dos donos de terreos e inmobles particulares



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1. Os propietarios de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos en todo momento nas debidas condicións de hixiene, salubridade, ornato e seguridade. Para elo realizarán as tarefas de limpeza que resulten necesarias, permanecendo limpos de maleza, augas estancadas, roedores, residuos, etc. e impedindo que as augas procedentes da propiedade as ramas das árbores e plantas afecten a vía pública. Recordando a obriga da limpeza dos valados das fincas dado que forman parte da propiedade particular.
2. O concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio concello e a cargo da propiedade

Artigo 14.- Limpeza de elementos lindeiros coa vía pública

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos, fachadas ou calquera outro elemento dun inmovible lindeiro coa rúa, deberanse adoptar as precaucións necesarias para non molestar aos usuarios da vía pública nin lixar esta. Se a pesar das precaucións, a vía pública fora ensuciada, os donos dos establecementos ou inmobles estarán obrigados a súa limpeza.

CAPÍTULO III

RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 15. Contedores

1. O Concello da Guarda instalará na vía pública contedores normalizados para que os cidadáns cumpran coa obriga de depositar nos mesmos os residuos domiciliarios xerados facilitando a separación en orixe.
2. O tipo, número e situación dos contedores será determinado polos Servizos Técnicos Municipais atendendo as necesidades de cada zona, determinadas pola disposición de espazo, o número de habitantes e de establecementos.

Artigo 16.- Servizo de titularidade municipal

1. O concello ou a empresa xestora do servizo no caso dos envases, vidro, papel e cartón, realizará a recollida e transporte ata a planta de transferencia de lixos sólidos domiciliarios e semellantes nas condicións, itinerarios, frecuencia e horarios que o concello determine, aos que se lle dará publicidade a través de medios apropiados para o seu coñecemento polos veciños, especialmente cando se produzan modificacións.
2. Ningunha persoa física ou xurídica se poderá dedicar á recollida, transporte e aproveitamento de lixos sólidos sen a concesión ou autorización previa do concello.

Artigo 17.- Disposición do lixo para a súa recollida

1. Os residuos correspondentes ao contedor verde (todos aqueles que non teñen recollida selectiva como vidro, papel, cartón, envases, etc.) depositaranse nos contedores sempre en bolsas de plástico debidamente pechadas e consistentes coa finalidade de evitar a dispersión o os vertidos así como contribuír á seguridade do persoal do servizo.
2. Os residuos correspondentes aos contedor amarelo (envases lixeiros) e azul (papel e cartón), así como aos contedores de vidro, deberán depositarse obrigatoriamente neles.
3. O papel, cartón e vidro depositaranse nos respectivos contedores sen bolsa. O papel e cartón pregado ou dobrado e os envases de vidro baleiros e sen tapa



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4. Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos deberán dispoñer para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o concello en atención á natureza dos refugallos, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.
5. Os contedores utilizados na recollida de lixo son de titularidade pública, os usuarios están obrigados a usalos con coidado e a mantelos en adecuadas condicións de hixiene, e son responsables do deterioro que sufran pola súa causa ou negligencia. Todo iso sen prexuízo da limpeza e desinfección periódica deles, que realizarán os servizos municipais.

Artigo 18.- Normas de utilización dos contedores

1. Para cada tipo de residuo utilizarase obrigatoriamente o contedor correspondente.
2. Utilizarase o contedor máis próximo ao lugar de produción do residuo. Se este se atopara cheo, utilizarase o seguinte máis próximo, evitando, en calquera caso, o desbordamento do lixo.
3. Os residuos de grande tamaño deberán reducirse para que ocupen o menor volume posible.
4. Pecharase a tapa do contedor despois de depositar os residuos.

Artigo 19.- Lixos tóxicos e perigosos

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixiráselle ao produtor deles que lles dea o tratamento que ordena a normativa especial aplicable a esta clase de refugallos.

Artigo 20.- Horario e condicións de depósito e recollida de lixo

1. Nos lugares de recollida diaria, os residuos correspondentes ao contedor verde deberán ser depositados entre as 21:00 e 23:00 horas de abril a setembro e entre as 19:00 e 23:00 horas de outubro a marzo. O sábado non se pode depositar lixo nos contedores dado que o domingo non hai recollida, salvo nos contedores habilitados para tal fin.
2. Nos lugares onde a recollida non é diaria só se poderán depositar o día anterior á recollida nos horarios especificados no apartado 1, en función da estación do ano. Nestes lugares poderase modificar a frecuencia de recollida en función das necesidades.
3. O concello poderá variar de forma extraordinaria, en zonas e datas con moita afluencia de persoas, os horarios de recollida de lixo. Isto pode facer variar as condicións de depósito habituais. Cando se dean estas situacións, os veciños e establecementos serán informados de tal eventualidade.
4. Nos contedores de vidro os residuos só poderán ser depositados entre as 8:00 e as 22:00 horas.

Artigo 21.- Sobreproducción de lixo con carácter extraordinario

Se un usuario ou entidade, pública ou privada, tivera que desprenderse, de forma excepcional, de residuos domiciliarios, non voluminosos, en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, non poderá utilizar o servizo municipal ordinario. Deberá comunicar esta circunstancia aos servizos técnicos municipais, para que se fagan cargo da súa recollida e transporte.

CAPÍTULO IV

LIXOS ESPECIAIS

Artigo 22.- Voluminosos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Considéranse residuos voluminosos os mobles, electrodomésticos, colchóns, etc. que polo seu peso ou volume non deban ser depositados no contedor. Por regra xeral cando este tipo de lixo sexa de procedencia doméstica terá que ser trasladado ao punto limpo polo responsable do residuo. No caso de non dispoñer de transporte pode recorrer aos servizos municipais para o seu traslado, debendo abonar, neste caso, a taxa correspondente.

Artigo 23.- Animais mortos

- 1. Está prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos, vías ou espazos públicos.*
- 2. Quen observe a presenza dun animal morto nas vías ou espazos públicos deberá comunicarllelo aos servizos municipais, que procederán a súa retirada nas debidas condicións hixiénico-sanitarias.*

Artigo 24.- Pilas usadas

Está prohibido depositar as pilas nos contedores de lixo. Deberán ser entregadas aos axentes distribuidores de acordo coa normativa específica de aplicación ou ser depositadas en contedores para este fin.

Artigo 25. Aceites usados

Os aceites usados de cociña de orixe doméstica non poderán ser eliminados a través do sistema de saneamento. Deberán depositarse nos contedores habilitados para tal efecto ou levalos directamente ao punto limpo.

Artigo 26.- Aparellos eléctricos e electrónicos

Os aparellos eléctricos e electrónicos (informática, imaxe, son e similares) non poden depositarse nos contedores de lixo. Poden entregarse nos establecementos de venta (en caso de reposición do aparello) ou levalos ao punto limpo .

Artigo 27.- Vehículos abandonados.

- 1. Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de vehículos, ou restos deles.*
- 2. Os vehículos abandonados que, de conformidade coa lexislación sobre tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, adquieran a condición de residuo urbano, xestionaranse polo concello de conformidade coa normativa relativa á xestión de vehículos fora de uso.*
- 3. Os propietarios de vehículos abandonados que adquieran a condición de residuo urbano deberán sufragar os custes derivados da recollida e traslado a un centro autorizado de recepción.*

Artigo 28.- Escombros e materiais de construción procedentes de obras

- 1. Prohíbese pór nos contedores destinados a lixos domiciliarios os cascallos ou entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias.*
- 2. Os produtores de grandes cantidades de terras e escombros procedentes da construción deberán proceder ao seu traslado aos vertedoiros e centros autorizados.*
- 3. Cando se trate de pequenas producións de terras e escombros procedentes da construción poden trasladarse ao punto limpo. O límite establececese en 1 m³ (25 capachos) por licencia ou obra. Neste caso o responsable do residuo, a partir de 3 capachos, deberá abonar a taxa correspondente.*
- 4. No caso de ser necesario almacenar provisionalmente os entullos procedentes da construción este deberá facerse en contedores homologados.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

5. Os contedores colocaranse, se é posible, no interior da zona valada de obras, non precisando neste caso autorización municipal. No caso de ter que colocar o contedor na vía pública requirirá autorización municipal.

Artigo 29.- Outras tipoloxías de residuos

O Concello, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con Asociacións ou Sistemas Integrados de Xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos especiais tales como téxtiles, aceites usados, teléfonos móbiles, madeiras, tubos fluorescentes, etc. Instalando contedores ou recollendo estes residuos no punto limpo.

CAPÍTULO V

DEREITO SANCIONADOR

Artigo 30.- Acción pública

Calquera persoa poderá denunciar ante o concello as infraccións contra o presente regulamento e as disposicións específicas sobre a materia.

Artigo 31.- Responsabilidade colectiva por actos doutra persoa.

1. As responsabilidades derivadas do incumprimento das disposicións contidas no presente regulamento serán esixibles non soamente por actos propios, senón tamén polos daquelas persoas das que deba responder.
2. Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade seralle atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible do que se trate.

Artigo 32.- Definición e clases de infraccións administrativas.

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 33.- Procedemento sancionador

1. As infraccións serán sancionadas conforme se determina no presente Regulamento, polo Alcalde, dentro dos límites da lexislación aplicable, e sen perxuízo das responsabilidades penais e civís a que houbera lugar no seu caso.
2. Para impor unha sanción derivada de infracción deberase tramitar o oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria.
3. O procedemento para a imposición das sancións previstas no presente Regulamento será o establecido na normativa reguladora vixente do exercicio da postestade sancionadora.

Artigo 34.- Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións axustaranse ao disposto na Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, nos seguintes termos:

“Artigo 61º.-Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves:

a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei ou na normativa que a desenvolva sen a preceptiva autorización ou con ela caducada, revogada ou suspendida, e o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións, así como a actuación en forma contraria ao establecido nesta lei, cando a actividade non estea suxeita a autorización específica, todo iso sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou o ambiente ou cando a actuación teña lugar en espazos protexidos en función do seu valor ecolóxico.

b) O abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolados de residuos perigosos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- c) O abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolados de calquera outro tipo de residuos, sempre que se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou se puxese en perigo grave a saúde das persoas.*
- d) O incumprimento das obrigas derivadas das medidas provisorias e cautelares, agás os supostos de forza maior ou imposibilidade sobrevida.*
- e) A ocultación ou a alteración maliciosa de datos achegados aos expedientes administrativos para a obtención de autorizacións, licenzas, permisos ou inscricións relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta lei.*
- f) A elaboración, importación ou adquisición intracomunitaria de produtos con substancias ou preparados prohibidos pola normativa vixente pola perigosidade dos residuos que xeran.*
- g) O incumprimento polos axentes económicos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos das obrigas sinaladas no artigo 31^º.1 desta lei.*
- h) A non realización das operacións de limpeza e recuperación cando un solo sexa declarado como contaminado, tras o correspondente requirimento da consellería competente en materia de ambiente, ou o incumprimento, se é o caso, das obrigas derivadas de acordos voluntarios ou convenios de colaboración.*
- i) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou se puxese en perigo grave a saúde das persoas.*
- j) A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación dos residuos en condicións distintas das que aparezan nas correspondentes autorizacións ou nas normas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.*
- k) A omisión, no caso de residuos perigosos, dos necesarios plans de seguranza e previsión de accidentes, así como dos plans de urxencia interior e exterior das instalacións, exixibles de conformidade coa normativa aplicable.*
- l) O incumprimento da obriga de repoñer prevista no artigo 72^º.*
- m) A comisión durante un período de tres anos de dúas ou máis infraccións graves sancionadas con carácter firme en vía administrativa.*

Artigo 62^º.-Infraccións graves.

Son infraccións graves:

- a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei ou na normativa que a desenvolva sen a preceptiva autorización ou con ela caducada, revogada ou suspendida, e o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións, así como a actuación en forma contraria ao establecido nesta lei, cando a actividade non estea suxeita a autorización específica, todo iso sempre que non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.*
- b) O abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolados de calquera tipo de residuos non perigosos, sempre que non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.*
- c) O incumprimento das condicións de almacenamento de calquera tipo de residuos establecidas na normativa.*
- d) O incumprimento da obriga de proporcionar documentación ou información ou a ocultación ou falseamento de datos exixidos pola normativa aplicable ou polas estipulacións contidas na autorización, así como o incumprimento da obriga de custodia e mantemento da dita documentación.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- e) A falta de constitución de seguros, fianzas ou outras garantías, ou da súa renovación, cando sexan obrigatorias.
- f) O traslado de residuos con orixe ou destino no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de residuos procedentes doutros estados ou doutra parte do territorio nacional sen os requisitos previstos na lexislación comunitaria, nesta lei ou nas normas que a desenvolvan.
- g) No caso de adquisición intercomunitaria de residuos, o incumprimento da obriga de notificar a realización da súa valorización ou eliminación, de acordo co establecido no Regulamento 1013/2006/CE.
- h) A obstrución á actividade inspectora ou de control das administracións públicas.
- i) A falta de etiquetaxe ou a etiquetaxe incorrecta ou parcial dos envases que conteñan residuos perigosos.
- j) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que, como consecuencia diso, non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.
- k) A entrega, venda ou cesión de residuos non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación dos residuos en condicións distintas das que aparezan nas correspondentes autorizacións ou nas normas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.
- l) O incumprimento por parte das entidades aseguradoras ou do asegurado da obriga de lle notificar á consellería competente en materia de ambiente a suspensión da cobertura ou a extinción do contrato de seguro.
- m) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no artigo anterior cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan a cualificación de moi graves.
- n) A comisión durante un período de tres anos de dúas ou máis infraccións leves sancionadas con carácter firme en vía administrativa.

Artigo 63º.-Infraccións leves.

Son infraccións leves:

- a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei sen a correspondente inscrición nos rexistros administrativos pertinentes se é o caso.
- b) O abandono ou a vertedura de residuos derivados do consumo privado na vía pública e en espazos públicos.
- c) O atraso na subministración da documentación ou información que deba proporcionárselle á administración de acordo co establecido pola normativa aplicable ou polas estipulacións contidas nas autorizacións.
- d) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no artigo anterior cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan a cualificación de graves.
- e) Calquera infracción do establecido nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento ou nas estipulacións contidas nas autorizacións, cando non estea tipificada como moi grave ou grave.

Artigo 64º.-Prescrición das infraccións.

1. As infraccións previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infraccións moi graves, aos cinco anos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

b) *As infraccións graves, aos tres anos.*

c) *As infraccións leves, ao ano.*

2. *O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese, coas seguintes particularidades:*

a) *Cando se trate de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización ou cesamento da acción ou omisión que constitúe a infracción.*

b) *Cando non sexan inmediatamente perceptibles os danos ao ambiente derivados das infraccións, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da súa manifestación ou coñecemento.*

3. *Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento da parte interesada, do procedemento sancionador, e reiniciarase o prazo de prescrición se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á parte presuntamente responsable.*

Artigo 65º.-Sancións.

1. *Pola comisión das infraccións moi graves poderase impoñer algunha das seguintes sancións:*

a) *Multa desde 31.001 ata 2.000.000 de euros, agás en residuos perigosos, que será desde 301.001 ata 2.000.000 de euros.*

b) *Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo non inferior a un ano nin superior a dez.*

c) *Nos supostos de infraccións tipificadas nas alíneas a), d), e), i) e k) do artigo 61º, clausura temporal ou definitiva, total ou parcial, das instalacións ou aparellos.*

d) *Nos supostos de infraccións tipificadas nas alíneas a), d), e), f), i), j) e k) do artigo 61º, revogación da autorización ou suspensión desta, ou cancelación ou suspensión da inscrición rexistral, por un tempo non inferior a un ano nin superior a dez.*

2. *Pola comisión das infraccións graves poderase impoñer algunha das seguintes sancións:*

a) *Multa desde 603 ata 31.000 euros, agás nos residuos perigosos, que será desde 6.020 ata 301.000 euros.*

b) *Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo de ata un ano.*

c) *Nos supostos de infraccións tipificadas nas alíneas a), e), f), g), h), i), j) e k) do artigo 62º, revogación da autorización ou suspensión desta, ou cancelación ou suspensión da inscrición rexistral, por un tempo de ata un ano.*

3. *Pola comisión das infraccións leves poderase impoñer a sanción de multa de ata 602 euros, agás en residuos perigosos, que será ata 6.019 euros.*

No suposto da infracción tipificada na alínea b) do artigo 63º, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán establecer nas súas ordenanzas, como alternativa á multa, a posibilidade de que quen cometeu a infracción realice, con carácter voluntario, unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública.

4. *A sanción de multa será compatible co resto das sancións previstas nos números anteriores.*

5. *As persoas físicas ou xurídicas que fosen sancionadas por faltas graves ou moi graves derivadas do incumprimento desta lei non poderán obter subvencións nin outro tipo de*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

axudas da Comunidade Autónoma de Galicia ata cumpriren a sanción e, se for o caso, executaren as medidas correctoras pertinentes. “

A contía da sanción virá determinada polas circunstancias do responsable, grado de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido, así como grao do dano causado ó medio ambiente ou perigo en que se puxera a saúde das persoas. Sen prexuízo da sanción que se imponha, os infractores están obrigados á reposición ou restauración das cousas ó ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións que fixe o órgano que imponha a sanción. No caso de incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e a súa costa. Será considerado reincidente quen incurriera en infracción das mesmas materias nos doce meses anteriores.

Artigo 35.—Responsabilidade.

En materia de infraccións relacionadas con limpeza será responsable o causante da acción ou omisión en que consista a infracción. Cando se trate de obrigas colectivas, tales como uso, conservación, limpeza de zonas comúns, etc., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non esté constituído e, ó efecto, as denuncias formularanse contra a mesma ou contra a persoa que ostente a súa representación. A efectos do establecido neste Título os residuos terán sempre un titular responsable, cualidade que corresponderá ó produtor, posuidor ou xestor dos mesmos. Quedarán exentos de responsabilidade os que cedan os residuos a xestores autorizados, sempre que a entrega se faga conforme ó que estableza a Comunidade Autónoma. Do mesmo modo, os posuidores de residuos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poida derivarse de tales residuos, sempre que os entregara o Concello observando o disposto nesta Ordenanza.

Disposición Derogatoria.

Queda derogado o Regulamento de limpeza pública e de recollida de lixo aprobado polo Pleno do Concello da Guarda en data 26/11/1999.

Disposición Final

Este Regulamento entrará en vigor unha vez se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia e houbera transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local”

2.- Ordena-la publicación nos boletíns oficiais correspondentes.

Na Guarda, a 21 de setembro de 2016.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz”

A sra. Iglesias Ferreira di que xa votou a favor nun primeiro momento. Pide que se faga unha boa interpretación dalgunhas ambigüidades do regulamento. Pon por exemplo o artigo 11 respecto á fianza. O artigo 17 tamén da pé a unha ambigüidade ó non establecer unha periodicidade. Di que importante que os veciños cumpran pero o máis importante é que o propio concello cumpla a ordenanza.

O sr. Rodríguez Fariñas di que é mellor ter unha mala ordenanza que non ter ningunha.

O sr. Baz Vicente di que non poden votar a favor deste regulamento xa que só se tiveron en conta dúas das súas alegacións. Non teñen en conta a súa alegación respecto os espazos de información social como noutros concellos. Di que os veciños poden opinar sobre o estado de



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

limpeza no municipio. Di que os contenedores de cartóns non son os mellores. Os espazos para a publicidade das eleccións non son suficientes. Non está de acordo con este regulamento.

A sra. Ortega Martinez di que presentaron alegacións e consideran que as respostas a elas son case unha burla. Cre que é unha ordenanza para que os veciños cumpran unha normativa pero non hai obrigas para o Concello. Di que non se sinten responsables deste regulamento.

O sr. Alcalde di que cando se alega hai que propoñer unha redacción alternativa. Por eso as alegacións do Partido Popular non se puideron incluír porque non había redacción alternativa.

A sra. Ortega Martinez di que non está de acordo.

O sr. Rodriguez Gonzalez di que é unha ordenanza moi traballada. Di que o Concello si que ten que cumprir e hai periodicidades establecidas nos convenios asinados coas empresas concesionarias (pon o exemplo de GESECO). Respecto dos contenedores soterrados di que se vai licitar o seu mantemento, que recolle unha periodicidade, independentemente das recollidas que puntualmente fai o servizo propio do Concello. Di que a maioría dos veciños están actuando ben e só hai casos puntuais de malas prácticas.

O sr. Alcalde di que se empezou a traballar neste regulamento en xaneiro tratando de chegar ó consenso aínda que non puido ser.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (9): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA (8): Sres/as. Ortega Marínez, Castro Martínez, Carrero Álvarez, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vázquez (oito votos en contra)

PUNTO 5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

Coñecedores dos avances na creación da Área Metropolitana de Vigo e do interese da Xunta e dos concellos que aparecen recollidos na Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo modificada pola lei 14/2016, de 27 de xullo, de axilizar o proceso de constitución do organismo supramunicipal.

Tendo en conta que Vigo é a cidade de referencia para A Guarda, entre outros, no eido sanitario, laboral e educativo.

Considerando as vantaxes que pode implicar para os veciños da Guarda integrarse nesta área supramunicipal e as consecuencias que podería traer o illamento provocado por permanecer fora dela.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Entendendo que o punto de partida para unha futura integración da Guarda na Área pasa pola manifestación da vontade da Corporación Municipal de querer incorporarse a mesma a partir da súa constitución para defender os intereses da Guarda.

Proponse ao pleno a adopción do seguintes acordos:

- 1. Solicitar a inclusión do Concello da Guarda na Área Metropolitana de Vigo.*
- 2. Sinalar como interese prioritario do Concello da Guarda a inclusión na rede de Transporte Metropolitano de Vigo no prazo máis breve posible. Vontade que o alcalde xa manifestou no escrito con R/S 3.705 de 22 de setembro de 2015 no que solicitaba á Directora Xeral de Mobilidade un estudo de custos do mencionado servizo.*
- 3. Tendo en conta que o presente acordo é soamente unha solicitude de inclusión. No futuro, no caso de ser incluído na Área, o Concello da Guarda decidirá a súa participación naqueles servizos mancomunados que resulten de interese e sempre respectando os procedementos que marque a lei e os informes dos servizos técnicos municipais.*
- 4. Trasladar o presente acordo á Xunta de Galicia, ao Concello de Vigo, a tódolos concellos constituíntes da Área Metropolitana de Vigo e a aqueles concellos que sen ser constituíntes aseguran a continuidade territorial entre A Guarda e Vigo (Rosal, Oia, Tomiño e Tui)*
- 5. Manifestar o interese do Concello da Guarda en participar nas reunións informativas que se realicen co obxecto de poñer en marcha a Área.*
- 6. Informar a tódolos grupos da Corporación Municipal dos pasos que se dean en relación a este acordo.*

*A Guarda , 21 de setembro de 2016 O Alcalde
Antonio Lomba Baz”*

A sra. Iglesias Ferreira di que xa houbo unha reunión no despacho Alcaldía para falar deste tema. Di que se trae unha proposta para a aprobación plenaria amparada nun só folio, sen coñecer o seu custe, sen informe económico, sen saber se poden solicitalo porque A Guarda non é un concello limítrofe. Considera que se trata dunha simple declaración de intencións e di que lle custa aprobar esta proposta sin coñecer ás súas ventaxas.

O sr. Rodríguez Fariñas di que xa coñecen a súa postura: non. Aínda non coñece as súas ventaxas. Respecto do transporte metropolitano pon o exemplo de Gondomar no que o billete baixou de 4 euros a 3 e pico, pero non se di nada de canto lle custa isto ó propio Concello. Non se sabe onde vai a ser a sede. Non hai continuidade territorial con ningún concello que se vai incorporar. A lei non empeza a funcionar ata outubro e non entende o apuro por este tema. Mantén o seu voto en contra porque non se coñece ningunha ventaxa.

Neste momento abandona a sesión ó Sr. Carrero Alvarez (21:15 horas)

O sr. Lomba Alonso empeza falando do procedemento. Di que na Comisión de Asuntos Plenarios xa se pediron datos, cifras macro cando menos. O BNG non ten interese especial en



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

integrarse nunha Área metropolitana se non é en beneficio do pobo da Guarda. O BNG vai votar a favor exclusivamente polo punto 2 da proposta: entrar na rede de transporte metropolitano porque en novembro aprobouse unha moción do BNG neste sentido. O BNG vai ser moi riguroso neste tema. Neste momento non se pode pertencer á area porque A Guarda non é municipio limítrofe con ningún concello que vaia formar parte dela, por eso consideran este proposta como un principio de intencións. A posición do BNG é bastante contraria a como levou o Alcalde este tema. Di que se enteraron desto pola prensa. O BNG vai apoiar esta solicitude porque considera prioritario pertencer a rede de transporte metropolitano. Di que hai que promocionar o transporte público e desto é responsable o Concello de Vigo que ten que demandar que este servizo vaia adiante ante quen é responsable deste tema que é a Xunta de Galicia.

A sra. Ortega Martinez contesta por alusións ó sr. Lomba Alonso que hai transporte metropolitano dende fai un ano e medio en Vigo e Gondomar porque a Xunta se empeñou. Respecto da proposta da Alcaldía procede a ler o seguinte escrito:

“Sabe o sr. Alcalde canto vai a ser orzamento total da area metropolitana, canto vai a custar o mantemento do edificio do Reitorado, pero isto non é o mais importante, o mais importante e canto lle vai a custar a cada Guardés, tanto a area como os servizos obrigatorios segundo a lei de area.

Resulta curioso que para incorporarse ao transporte si pida estudo de custos, e para algo mais gravoso que a área non, vamos de cabeza xa, custe o que custe. Hai unha incoherencia, porque ¿non solicitou a incorporación o transporte metropolitano, fai ano e medio cando se puxo a andar? (moción do BNG por certo), en cambio pide a incorporación o área antes de que entrar en funcionamento sen pedir ningún informe.

Sabe vostede canto lle vai a custar o recibo do auga, ou da lixo, etc.. sabe o que lle custan agora pero non o que lle vai a custar.

Di na súa proposta que cando nos acepten o concello da Guarda participará en aqueles servizos que lle resulten de interese, iso é non coñecer a lei, non sabe ni o que é o comité bilateral, na que o Area ten moito que dicir nas condicións en que se produciría a incorporación. Isto é darlle un cheque en blanco para que o Alcalde ou grupo de goberno, xa que na resolución non pon pleno de a guarda, se entregue en mans de este comité bilateral, que presidirá casualmente Abel caballero a partir do 02/11.

Si despois de una análise custo beneficio para a Guarda, resulta positivo será este grupo municipal quen o pida mediante moción a inclusión, se o Alcalde non o fai, pero mentres a area estea sen constituír, creo que é ganar de agradar a outro concello. Outros grupos tamén queren agradalo, e respecto o seu voto, pois me parece estupendo. Cando decidan polos guardeses sin vir a pleno por esta votación de hoxe, se acordarán destas palabras.

Por certo, noutro punto di que quere participar nas reunións e dar conta os partidos da oposición dos pasos que se están a dar, isto si que é unha novidade, foi a unhas cantas, e nos coñecemos polo periódico, igual pasa na mancomunidade do Baixo miño, me tiven que comprender que Tui estivo a punto de saír por outros medios.

Agora a lei non o permite, por dúas cousas non está constituida e pola falla de continuidade territorial, e as presas son malas, falla información para poder apoiar algo que no seu día pode ser interesantes, e estaremos os primeiros, pero as condicións que pon o PP DE A GUARDA SON TRES, 1.-que se constituía (2 NOVIEMBRE), 2.- segundo que cumpramos os requisitos, e 3.- que sexa vantaxosa para o conxunto dos veciños guardeses.

Nos piden seriedade a nos, seriedade pido eu nesta decisión, tan importante para o futuro da Guarda. Coñecer datos e decidir, non deixarse levar polo interese persoal de ningún.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Vamos a perder autonomía, por exemplo en taxas de servizos, e vamos a perder poder de decisión, decidiran os órganos da area, pero que sexa para beneficiar economicamente os guardeses ou que menos para non prexudicarnos.

O noso voto e **NON** a esta proposta de cheque en branco., **SI** a inclusión na área cando cumpramos requisitos e sexa ventaxosa para os veciños de A Guarda”

Neste momento regresa o Sr. Carrero Alvarez (21:25 horas)

O sr. Alcalde di que todos os representantes dos concellos da Mancomunidade do Baixo Miño manifestaronse a favor de pertencer á Area Metropolitana, incluído O Rosal. O Concello ten a autonomía que ten e a perderá se o así o decide. Cada grupo político ou cada veciño ten unha opinión e él como alcalde pode mostrar a súa predisposición favorable a unhas cuestións ou a outras. Considera que é unha prioridade a vía de alta capacidade ó transporte metropolitano. Esta é unha proposta do equipo do goberno. Di que el manifestou ó seu interese en participar na actual área de transporte metropolitano. Na Xunta lle dixeron que primeiro había que elaborar un estudo económico (en setembro de 2015). Di que os concellos están pagando parte do servizo de transporte metropolitano aínda que as competencias son da Xunta de Galicia. Considera que é unha inxustiza que haxa xóvenes que teñan transporte metropolitano gratis e outros non en función do concello no que vivan. Recorda que se o feito de formar parte da Area Metropolitana ten desvantaxas non van a seguir adiante con isto. O Alcalde engade unha cuarta condición ás expresadas pola portavoz do PP: que a Guarda forme parte verdadeiramente da Area Metropolitana para, dende esa posición, esixirle á Xunta de Galicia que remate a vía de alta capacidade. O Alcalde remata dicindo que isto é unha declaración política que non vincula, por eso non ten informes. No momento que se acepte esta solicitude se porá en marcha o proceso con tódos os informes que sexan necesarios. Respecto da financiación di que hai uns parámetros establecidos na lei.

A sra. Iglesias Ferreira di que, polo que acaba de explicar o Alcalde, aprobar isto non ten valor ó que lle contesta o Alcalde que cando se reunan os concellos da Area Metropolitana tratarán as solicitudes que se lle presenten. A Sra. Iglesias Ferreira di que da a sensación que a oposición está en contra da Área, cando o que din é que isto non ten valor xurídico algún.

O sr. Rodríguez Fariñas di que se está alargando o debate sen necesidade e que deberían pedirse datos a ATSA. Vota de menos que non se di que nesta localidade hai persoas que viaxan a primeira hora da mañá ó hospital e que o que habería que pedirle a empresa encargada do transporte é que poña autobuses de plataforma baixa. Agradece que, despois de nove anos, se lle deixe mirar a acta da mancomunidade.

O sr. Lomba Alonso recorda que hai un acordo plenario no que se recolle o tema dos autobuses de plataforma baixa. O BNG lle preocupa que ir ó Hospital sexa un auténtico galimatías e quere que haxa un transporte público en condicións. Recórdalle ó sr. Alcalde que él é elixido polos concelleiros, non polos veciños. Todos son pobo; a oposición, que é maioritaria, hai que respetala. Queixase polo proceder do sr. Alcalde e do equipo do goberno neste tema.

O sr. Alcalde di que o equipo do goberno si é sensible e pon como exemplo que esta proposta estaba previsto que viñera ó anterior pleno e non veu porque o BNG pediu que quedara sobre a mesa.

A sra. Ortega Martínez di que se entera pola prensa do 90% das decisións que se toman neste concello. Di que os mozos guardeses tamén poden ter o carné de menor de 19 anos,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que noutros concellos se potenciou. Di que ela está a favor da Area Metropolitana pero necesita coñecer datos.

O sr. Español Otero di que se algún día se dan as condicións para pertencer á Área Metropolitana será o pleno quen decida sobre a inclusión do Concello da Guarda, non o Alcalde. Isto é unha declaración de intencións.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (10): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vázquez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA (7): Sres/as. Ortega Marínez, Castro Martínez, Carrero Martinez, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (sete votos en contra).

Neste momento abandona a sesión a Sra. Vicente Baz

PUNTO 6.- PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PLENARIOS DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“O pasado día 29 de xullo aprobouse en pleno ordinario o calendario de festivos locais para o ano 2017. O método empregado para asignación de ditos festivos fai que o próximo ano coincida un deles en sábado, sen ter en conta os prexuízos que poden traer a boa parte dos traballadores e traballadoras da Guarda.

Ante esta situación e o malestar que isto pode xerar, consideramos que é de xustiza facer unha corrección en canto o festivo asignado ao 23 de setembro e declarar festivo o venres 8 de setembro de 2017.

Por todo isto se propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno do Concello da Guarda en data 29 de xullo de 2016 e declarar festivos locais no Concello da Guarda durante o ano 2017 os días seguintes:

- Martes de carnaval*
- 8 de setembro de 2017.*

2.- Remitir o presente acordo á Consellería correspondente.”

A Sra. Iglesias Ferreira di que se lles comunicou que quizais non fora unha decisión axeitada a adoptada anteriormente e por eso a corporación tomou a iniciativa de rectificala.

O sr. Rodríguez Fariñas di que houbo unha reunión na que se expuxeron os argumentos necesarios e toda a corporación coincidiu na decisión de rectificar.

O sr. Lomba Alonso agradece ós demais grupos políticos o seu posicionamento. Di que foi a CIGA quen deu conta do prexuízo que causaba o acordo anterior e propuña unha moción que non foi preciso tratar grazas ó consenso de todas as formacións.

A sra. Ortega Martinez di que non se deron conta do erro que supuña o acordo anterior.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Español Otero di que ó equipo de goberno dirixiuse a CIGA. Di que o seu propio grupo tivo debates sobre a conveniencia desta nova proposta. Se a outra proposta non era boa este non é moito mellor.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaseis votos a favor).

PUNTO 7.- DAR CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN DE 2015.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 8.- DAR CONTA DA RENDICIÓN Ó MINISTERIO DO 2º TRIMESTRE DO CONCELLO

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 9.- DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2017.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente aínda que a Sra. Ortega Martínez pregunta porque xa se estima a redución nos ingresos.

A sra. Magallanes Alvarez di que simplemente son as liñas fundamentais, cando se elaboren os orzamentos se darán datos máis definidos.

PUNTO 10.- MOCIÓNS

- **RE 5.589 do BNG.- Moción para o arranxo da rúa San Caetano**

O sr. Baz Vicente da lectura da seguinte moción:

1.-Exposición de motivos:

O barrio da Cruzada é unha das zonas máis abandonadas do concello da Guarda, a falta de investimentos nesta zona dende hai anos é máis que evidente. A sensación dos veciños e veciñas deste barrio guardés é de ser cidadáns de segunda clase.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Así, temos que un dos principais viveiros da Cruzada: a rúa de San Caetano, está nun estado deplorábel, cheo de fochancas, e cunhas instalacións de saneamento e auga totalmente obsoletas que rachan cada vez que se realiza unha reparación.

Esta situación está afectando a unha serie de veciños e veciñas que ven como as súas vivendas soportan filtracións coas consecuentes humidades e malos cheiros nas súas bodegas.

Dende o BNG temos claro que o concello ten que tomar medidas de cara a mellora da rúa San Caetano dado que o seu arranxo repercutirá positivamente entre a veciñanza e o propio concello, que non terá que investir en reparacións inútiles co aforro que iso significa para as arcas municipais.

2.- Por todo isto o "BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción. Di que tamén hai outras zonas que teñen unha necesidade imperiosa de arranxos, noutros barrios como Salcidos ou nese mesmo barrio na zona da Fonte da Cal ou na Cruzada. Solicitará por escrito o arranxo tamén destas outras zonas. Entende que o Plan Concellos é o suficientemente ambicioso como para levar a cabo estas obras.

O sr. Rodríguez Fariñas di que está a vista de todos o mal estado de moitas rúas do Concello e que o Plan da Deputación é bastante amplo para poder incluílas de cara ó ano próximo. Pídelle ó equipo de goberno que pasen por algunhas rúas, que as miren ben e que as arranxen. Vai votar a favor da moción deixando claro que el mirou noutros concello como se presentan as mocións e non entende a esixencia e obrigabilidade de instar; di que as explicacións da secretaria non lle convenceron.

A sra. Ortega Martínez di que lle parece mal o que se dixo na comisión de asuntos plenarios de incluír nas mocións a palabra "instar" porque parece que o equipo de goberno siga incumprindo. Di que os criterios xurídicos polos que se adopta esta decisión non lle importa, ó que lle importa son os criterios políticos. Dito esto, di que moción parécelle estupenda e van a apoiala.

O sr. Español Otero di que foi a asesora xurídica municipal quen lles explicou o por qué da inclusión da palabra instar; ven derivado das competencias propias de cada órgano municipal. A decisión de arranxar unha rúa ou outra é competencia do Alcalde non do Pleno, outra cousa é que haxa consenso. Di que saben que están en minoría pero teñen unha obriga que é gobernar. Di que non teñen empacho en aprobar esta moción pero son conscientes de que tamén hai outras zonas que necesitan arranxos urxentes. Se producen roturas a diario no municipio. Di que van a apoiar esta moción pero hai que ter presente que hai un orzamento que limita as actuacións e por eso hai que establecer prioridades. Intentarán que a rúa San Caetano entre no orzamento do Plan Concellos 2017. Explica que isto non leva implícito que a obra se execute no ano 2017, xa que se pode xustificar no ano 2018.

O sr. Baz Vicente di que se fan cargo da situación na que están moitas rúas pero por algún lado hai que empezar. Di que os veciños se manifestaron e se molestaron en defender o arranxo da súa rúa, por eso hai que atendelos e priorizar. Respecto da execución da obras di que os tempos hai que marcalos.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

Neste momento interrúmpese o Pleno (22:15 horas)

Reiníciase o Pleno (22:25 horas)

- **RE 5.896 do PP.- Moción do Partido Popular para instar ó Goberno municipal informe Dirección Catastro de chans urbanizables poden pagar IBI como rústicos.**

A sra. Ortega Martinez da lectura da seguinte moción:

"Segundo a reforma da lei hipotecaria e do Catastro Inmobiliario, recollendo o criterio xurisprudencial, os propietarios das fincas urbanizables que ata agora pagaban o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) como solo urbano, pasarán a pagar como rústico, cando non teñan planeamento de desenvolvemento detallado ou pormenorizado.

Segundo a modificación da lei, serán os Concellos quen deberán subministrar á Dirección Xeral do Catastro esta información para que os afectados, veciños da Guarda, podan beneficiarse deste cambio legal, que recolle a lei e a sentenza do Tribunal supremo de maio de 2014.

Esta lei está en vigor dende 01/11/2015 pero non consta que o Concello de A Guarda, tanto pola información do rexistro como nos medios de prensa, sexa un dos 70 concellos que si informou ao Catastro. Estase prexudicando polo tanto a veciños de A Guarda por non comunicar estes datos, que lles suporían unha rebaixa considerable no IBI.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o grupo de goberno, no desenvolvemento das súas funcións, comunique á Dirección Xeral do Catastro a información necesaria sobre estes terreos urbanizables, para que poidan pasar a pagar o IBI como rústicos á maior brevidade posible."

A Sra. Iglesias Ferreira quere coñecer a información que manexa o Alcalde.

O sr. Rodríguez Fariñas tamén quere coñecer dita información nova.

A sra. Martínez Vázquez pregunta se o equipo de goberno ten feito algo ó respecto.

A sra. Magallanes Alvarez di que o equipo de goberno, sendo coñecedores da entrada en vigor da lei, o día 29 de marzo de 2016 se remitiu consulta á Xerencia Territorial do Catastro para saber se na Guarda era de aplicación dita lei. Dende catastro responden que a ponencia



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de valores redactouse con arreglo ó planeamento anterior co que ningún dos solos urbanizables determinados co novo plan está dentro da delimitación de solo urbano. Non procede o paso a solo rústico porque xa o están. Ademais se fixo unha consulta presencial e lles ratificaron que fixeran unha revisión de oficio para saber a que concellos lles afectaba a entrada en vigor desta lei.

A sra. Ortega Martinez di que hai veciños que manifestan que están pagando como solo urbano.

O sr. Español Otero di que hoxe mesmo se fixo unha comprobación aleatoria e se comprobou que estaban como solo rústico.

O sr. Alcalde di que se hai un caso particular debe poder vir polo Concello e se lle atenderá.

A sra. Ortega Martinez di que retira a moción.

RE nº 6.129 do Partido Popular.- Declaración de A Guarda, localidade solidaria co Alzheimer

A sra. Ortega Martinez da lectura da seguinte moción:

“Conscientes de que o alzhéimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención que azota brutalmente a poboación guardesa, xa que o 65% das demencias son debidas ao Alzheimer, ao igual que no resto de concellos de Galicia.

Conscientes da gran afectación que esta enfermidade produce aos doentes e ás súas familias, e que debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos esta cifra verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia e polo tanto na Guarda, polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade, que ten un custo anual medio estimado de uns 30.000€, que recae principalmente nas familias.

Sabedores de que a poboación da Guarda está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

Coñecedores de que se están a propor desde a Xunta a creación nos hospitais públicos de Galicia de unidades para enfermos con demencia, o cal desde os concellos debemos solicitar que se poñan en marcha o maior brevidade posible.

*Coñecedores de que concellos veciños como Tui, Salceda, Mos, Porriño, Nigran... asinaron convenio coa **Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia**, para financiar programas de estimulación cognitiva en fase leve, entendemos que A Guarda non debe quedarse atrás de outros concellos da contorna, na axuda aos enfermos e familiares.*

Estes días vimos de celebrar o día mundial do Alzheimer, parécenos que é un bo recordatorio para que as forzas políticas da corporación nos poñamos de acordo no apoio a estes enfermos e familiares.

*Pensamos que o primeiro paso para abordar esta problemática, e que O Concello de A Guarda faia constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose **"Localidade Solidaria co Alzheimer"** concienciándose sobre a existencia desta enfermidade e contribuíndo a súa normalización, explicando a súa realidade, alcance, e facilitando ferramentas para paliar os seus posibles efectos na persoa enferma e na convivencia co seu contorno máis achegado.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Con este xesto institucional que propon o Partido popular de A Guarda, o Concello pretende tamén servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema sociosanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta declaración: "O noso municipio, como Localidade Solidaria co Alzheimer, apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer".

Por todo elo O Partido Popular de A Guarda trae este asunto a Pleno, para a aprobación se procede destes compromisos:

- Declarar o Concello de A Guarda como localidade solidaria co Alzheimer.

- Impulsar actuacións e medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e as súas familias.

- Fomentar a participación do colectivo Alzheimer nos consellos de saúde, políticos e sociais dos concello trasladando a visión exacta e directa dos problemas aos que se enfrontan as familias e os afectados pola enfermidade facéndolles partícipes das áreas de mellora, deseño de actuacións e a participación na avaliación das mesmas de forma conxunta, presentando unha oportunidade de fortalecemento da corresponsabilidade.

- Promover a organización de charlas sobre a enfermidade de Alzheimer impartidas por profesionais sociosanitarios, coidadores, profesionais das asociacións de familiares de Alzheimer como parte da atención e servizos que o Concello dedique ás familias afectadas e que poderían ser impartidas en locais cedidos polo Concello.

- Facilitar a dispoñibilidade de espazos públicos para dar cobertura á participación cidadá na realización de charlas sobre Alzheimer, reunións de socios, encontros interxeracionais...

- Promover a formación sobre a enfermidade de Alzheimer dirixida a familiares, persoal de voluntariado social e a colectivos implicados no coidado de persoas que sofren esta enfermidade có obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas e das súas familias.

- Facilitar que aqueles servizos públicos dirixidos á atención á comunidade teñan a información e formación precisa para a correcta realización do seu traballo á hora de tratar a persoas con unha demencia.

- Difundir información sobre a enfermidade de Alzheimer facilitando contidos, recursos existentes tanto na páxina Web do Concello como a través dos diferentes canles telemáticos, e os medios de comunicación dispoñibles en cada localidade (TV, radio e prensa local)

- Impulsar a "Axenda do Alzheimer" onde se recollan aquelas actividades relacionadas có Alzheimer que na modalidade de cursos, charlas, seminarios, encontros, eventos contén coa promoción do Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

-Facilitar a accesibilidade completa tanto das persoas con Alzheimer e outras demencias como de calquera outro colectivo.

-Apoiar a creación dunha estratexia autonómica sociosanitaria que permita desenvolver un Plan Galego de Demencias con programas concretos de atención ás persoas con alzhéimer e as súas familias así como a dun Observatorio del Alzhéimer.

A sra. Iglesias Ferreira di que este é un tema que nos afecta a todos moi de cerca. Hai que invertir en formación e apoio ós cuidadores. Este apoio ten que vir por parte de todas as administracións públicas.

O sr. Rodriguez Fariñas manifesta a súa solidariedade cos que padecen esta enfermidade e coas familias. Non está de acordo co título, porque él non é solidario co Alzheimer, el é solidario coas persoas que o padecen o coas familias. Di que a moción é moi extensa e pódese reducir.

O sr. Lomba Alonso di que toca a moitas familias e votar en contra desta moción é moi difícil e pode dar lugar a equívocos. Di que non é xusto cargar á administración local con competencias que son do Estado e fundamentalmente da Xunta de Galicia, administracións que recortan. Pasa a tratar a moción por puntos:

1º punto.- Non ten problema en aprobar este punto

2º punto.- Di que hai que instar á Xunta de Galicia.

3º punto.- Di que acepta este punto aínda que non sabe cantos consellos dese tipo hai no Concello da Guarda.

4º punto.- Di que é moi técnico e debería ser a consellería competente a que se encargara deste punto.

5º punto.- Di que tamén é unha competencia da Xunta de Galicia, non ten que cargar con isto o Concello.

6º punto.- Ten que facelo a Consellería de Sanidade e da Consellería de Asuntos Sociais.

7º punto.- Di que pode instalar directamente ó Partido Popular.

O sr. Lomba Alonso pide que se inclúan os seus "instares", non obstante aínda que non se inclúan van apoiar a moción.

A sra. Vicente Baz di que o seu grupo está de acordo co expresado polo BNG xa que son competencias da Xunta de Galicia. A formación dos profesionais non pode correr por conta do Concello. Dánselle facilidades as asociacións pero non poden formar salvo que se lles dote economicamente.

Neste momento abandona a sesión o Sr. Rodriguez Gonzalez. (21:45 horas)

A sra. Ortega Martinez di que ninguén entendeu nada. Se trouxo esta moción para que o Concello colabore coa Asociación que se puxo en contacto con ela. Non se trata de quitar competencias á Xunta.

O sr. Alcalde di que xa se está colaborando coas asociacións que o solicitan.

A Sra. Iglesias Ferreira di que se din cousas que no veñen a conto. A intención desta moción é boa pero trata asuntos moi delicados.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Neste momento incorpórase o Sr. Rodriguez Gonzalez (21:50 horas).

A sra. Ortega Martinez di que cambia "apoiar" por "instar" no último parrafo da súa moción.

O sr. Rodriguez Fariñas cre que a moción ten carga populista. A situación actual é a que é polos recortes que se fixeron dende outras instancias, non desde os concellos.

O sr. Lomba Alonso di que, seguramente as persoas que se dirixiron á portavoz do PP, tiñan moi boa intención. Pero que hai que explicarlle a esas persoas que as competencias son da Xunta de Galicia e que non se pode cargar ós concellos con elas. Existe actualmente un problema que é que os concellos xa están asumindo con fondos propios competencias que son da Xunta de Galicia. Non obstante o BNG vai apoiar a moción.

O sr. Español Otero di que con esta moción quere cargar ós veciños deste municipio con cargas de competencias impropias.

A sra. Vicente Baz di que o Concello está atendendo a persoas da lei de Dependencia que están sin inspeccionar dende o mes de abril.

O sr. Alcalde di que o Concello colabora asiduamente con aquelas asociacións que o solicitan

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 6.130.- Moción para instar ao goberno municipal a que elabore un plan de limpeza e embelecemento da nosa vila.**

O sr. Castro Martinez da lectura da seguinte moción:

"A pregunta nº 4 que o Partido Popular de A Guarda fixo ao grupo de goberno no pleno do 28/07/2015 foi a seguinte: "Por que non hai un Plan Integral de limpeza na Guarda? Queremos saber por que non se limpan as beirarrúas coas máquinas adecuadas. Sabemos que no pasado houbo unha maquina hidrollimpadora similar a de moitos concellos, onde está? Este verán, recibimos moitas queixas sobre a limpeza das rúas e beirarrúas, que están asquerosas e aínda coas manchas de viño da Festa do Monte pasada. Non é que poñamos en cuestión aos traballadores da limpeza, que fan o que poden, senón de utilizar os medios adecuados. Se non temos eses medios, poderíanse alugar, poque é importante para os guardeses que vivimos aquí, e para os turistas que nos visitan que as rúas están limpas. Un concello limpo é máis agradable para vivir nel."

Non houbo resposta.

Isto díxose no pleno de xullo de 2015, pero lexos de facer caso das nosas demandas (que non son outras que as dos veciños de A Guarda), dende a data daquél pleno ata agora non se fixo NADA absolutamente para mellorar o aspecto lamentable das nosas rúas e beirarrúas, así coma dos camiños, parques, xardíns, muros e fachadas de edificios públicos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Este verán, o asunto chegou ao límite, poñendo a proba a paciencia dos guardeses e a dos forasteiros que nos visitaron, que foron moitos. Beirarúas sucias con manchas de todo tipo, (que non imos detallar para non ferir a sensibilidade dos presentes), camiños cheos de silvas, algúns con alto risco de accidentes debido a escasa visibilidade, restos de botellón

O caso máis grave foi o sábado do monte, despois da verbena do venres, onde houbo máis de 1.500 persoas. Pola mañá, os centos de persoas congregadas na alameda e inmediacións, tiveron que soportar vasos rotos, basura por todas partes, cheiro a mexo e cousas peores. E o domingo a cousa seguía igual ou peor, incluso na seguinte semana.

Xa sabemos que moita xente non ten educación de cara a respectar ao resto da cidadanía, e que esa é unha asignatura pendente da nosa sociedade.

Xa sabemos que vostedes sempre cacarean de que a solución é dar alternativas de ocio á mocidade, pero nunca fan nada.

Xa sabemos que vostedes dicen que fomentar o respecto aos demais, inculcar á xuventude valores de educación, civismo e boas prácticas, coma botar un papel na papeleira é cousa dos seus pais.

Pero iso é un tema que aínda que ten relación, non é o motivo desta moción.

Os responsables do concello teñen que reaccionar ante a situación de abandono da nosa vila, teñen que facer máis, teñen que gastar máis en limpeza e mantemento.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

O Partido Popular de A Guarda, en boca de toda a cidadanía do nodo pobo, esixe ao goberno municipal o seguinte:

1) Que realice, no prazo de 4 meses, un Plan Integral de limpeza e mantemento da nosa vila, no que se aproveiten tódolos recursos económicos, humanos e materiais dispoñibles.

2) Que ese Plan se estudie, analice, e se elabore contando cos grupos da oposición para o seu debate e aprobación consensuada.

3) Que para facer fronte o custe do plan, se presente ante outras administracións a correspondente petición de subvención necesarias para o desenvolvemento, nas liñas de axuda que podan encaixar, acompañado do proxecto correspondente.

En resumen:

Instan ó grupo de goberno a elaborar un Plan de Limpeza e Embelecemento da nosa vila eficaz, consensuado por tódolos grupos con representación, co obxectivo de mellorar as condicións estéticas e hixiénicas das nosas rúas”.

A sra. Iglesias Ferreira di que hai moitas cousas certas nesta moción. Xa dixo nunha sesión anterior que o municipio estaba sucio aínda que o alcalde non o admitiu. Pensa que o regulamento de lixo aprobado hoxe pode ser o primeiro paso para mellorar o aspecto do concello. É complicado votar en contra desta moción. Sigue pensando que o concello non está limpo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Rodriguez Fariñas inicia a súa intervención dicindo que o pobo máis limpo é o que non se mancha, por eso hai que empezar por facer todos ese esforzo; recorda neste senso unhas palabras do presidente Mújica. Considera que neste momento hai un desfase na sociedade, e que a Festa do Monte é un dos problemas principais desta vila como o sabe ben o persoal de limpeza municipal e tamén os responsables das comunidades de montes. Os fins de semana tamén hai problemas. É bo que haxa un plan de limpeza pero o problema é maior. Considera ó igual que a Concelleira non adscrita que a aprobación do regulamento de limpeza pode ser o primeiro paso para combatir este problema. Vai votar a favor.

A sra. Martinez Vazquez di que o BNG considera que no poden votar en contra desta moción pero considéranla innecesaria, e que o que ten que facer o equipo de goberno é poñerse a traballar.

O sr. Rodriguez Gonzalez di que se se quere unha vila limpa hai que concienciar a xente que ensucia. Considera que o sr. Castro Martinez está faltando a verdade cando di que na festa do Monte non se recollen os vasos rotos da rúa. Tamén é mentira que en xullo haxa viño na rúa do ano anterior. Recorda que cando chegaron non se gastaba auga en limpeza. Estase facendo un gran esforzo para manter limpa a rúa. Pidelle ó concelleiro do PP que cando vexa a un veciño tirar lixo, ou deixar os residuos dos seus cans sen recoller lles chame a atención, ou o denunciado no concello.

O sr. Castro Martinez di que todos temos razón neste. O plan do que el fala inclúe concienciar á xente. O Plan que el propón vai moito máis alá do regulamento de lixo aprobado.

O sr. Rodriguez Gonzalez di que moitas medidas das que propón están recollidas no regulamento de limpeza que o PP votou en contra.

O sr. Alcalde di que os empregados municipais fan un gran esforzo na limpeza, madrugando moitísimo. Di que o Concello está moi sensibilizado con este tema, e proba delo é o tempo que levan traballando no Regulamento do lixo que contén moitas das medidas que se propoñen nesta moción. Di que os empregados municipais están moi concienciados coa súa labor e quere agradecerllo.

A sra. Ortega Martinez considera demagogia falar dos empregados municipais xa que eles non din nada en contra deles. Di que o equipo de goberno non recoñece o problema e polo tanto non pode poñer solucións.

O sr. Español Otero di que A Guarda está moito máis limpa que cando gobernaba o Partido Popular. Na festa do Monte non se pode limpar antes porque a xente está aínda presente.

O sr. Rodriguez Gonzalez di que na Festa do Monte non se pode baldear a Alameda polos chiringuitos instalados.

O sr. Castro Martinez di que este ano o sábado do Monte non se limpou a Alameda. Ese mesmo día no Centro Cultural cheiraba mal.

O sr. Alcalde di que o domingo do monte levantouse cedo e viu como convivían os limpadores coa xente que estaba de festa.

Sometida esta moción a votación é aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (10): Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

VOTOS EN CONTRA (7): Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez

- **RE nº 6.131 do PARTIDO POPULAR.- Moción para instar ó goberno municipal a que leven a cabo as mocións aprobadas nos plenos.**

A sra. Ortega Martinez da lectura da seguinte moción:

“No pleno do 24 de setembro de 2015, o portavoz do grupo Convergencia Galega presentou unha moción (a RE nº 5.798) na que se pedía a creación dunha mesa de seguimento das mocións aprobadas.

Nós optamos pola abstención porque, aínda que dixemos que era importante facer un seguimento das mocións aprobadas, pensabamos naquel momento, que a creación dunha mesa era esaxerado, que con facer un apartado en rogos e preguntas (como declarou o Sr. Español Otero) sería suficiente.

Pero diso fai xa un ano e as mocións aprobadas seguen no caixón. Non se ve iniciativa algunha por parte do goberno socialista para dar cumprimento aos acordos plenarios, nin siquiera aos máis urxentes ou a aqueles que suporían ingresos para as arcas municipais.

Non é de recibo que non se coñezan as xestións que se están realizando con aquelas mocións presentadas polos grupos que teñen representación neste plenario, e que foron aprobadas, algunhas por unanimidade.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o grupo de goberno dé cumprida conta das xestións realizadas para facer realidade os acordos adoptados nos plenos do seguinte xeito:

a) incluíndo na orde do día de cada Pleno Ordinario un apartado donde se dé conta pormenorizadamente, das accións realizadas polo grupo de goberno no que á xestión dos acordos se refire.

b) manifestando, se é o caso, as dificultades que pode haber nesas xestións, para que os grupos da oposición que queiran, asesoren, den apoio e participen activamente na solución de problemas.

c) dando prioridade senpre entre os acorsos aprobados, aos asuntos de carácter social e aqueles que supoñan ingresos nas arcas municipais.”

Pide desculpas a Convergencia Galega por non apoiar a moción de cumprimento das mocións que trouxo no seu momento.

A Sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción. O cumprimento dos acordos plenarios daría sentido ás horas que pasan nos plenos. Pasa moito tempo e non se fai nada.

O sr. Rodriguez Fariñas di que menos mal que recoñecen que o que presentou Convergencia Galega era positivo. Di que van a apoiar a moción xa que está copiando o que eles pediron no seu momento.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Baz Vicente di que naquel momento non apoiaron a moción de C.G. porque consideran que se trata máis dunha cuestión de vontade política e non de traer mocións. Diríxese á portavoz do PP dicíndello que por un lado pide que lle envíen datos con maior periodicidade e despois quere darlle máis traballo ós recursos municipais que existen. Cre que a labor dos concelleiros é recordarlle que leven a cabo as mocións cun diálogo continuo e non deste xeito.

O sr. Español Otero comeza agradecendo a intervención do voceiro do BNG e suscribe as súas palabras. Di que para ela quizá sexa unha prioridade a ordenanza do GES, tamén para eles. Recorda que houbo problemas de persoal. Para o grupo de goberno é prioridade evitar reparos. Dille que vaia ver todas as encomendas que ten a secretaria na súa mesa. Agradece públicamente a labor da Secretaria que lle permitiu desatascar a situación na que se atopaba o Concello. DI que eles queren facelo ó mellor posible e parece que con esta moción quere volver a atascar novamente o Concello. Di que o incumplimento sería que se acordara instar á Xunta de Galicia e non se fixera, como así llo dixo a secretaria.

A sra. Ortega Martínez di que o equipo de goberno non ten intención política de facer as cousas.

O sr. Rodríguez Fariñas di que hai incumplimentos da Lei por temas presentados por el en xaneiro e abril como son apertura de rexistro de planeamento urbanístico, o calendario de vacacións do persoal municipal, cumprimento da Lei da Memoria Histórica, elaboración da RPT, a actualización do inventario.

O sr. Alcalde di que os medios do concello son os que son e que os traballadores fan o que poden.

Sometida a votación esta moción obtén o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (7) : Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso AlvarezRodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA (10): Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martinez Vazquez.

Polo que a moción NON PROSPERA.

PUNTO 11.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas da concelleira non adscrita (Sra. Iglesias Ferreira):

1.- Como están os pregos da cafetería da Estación Marítima?

Están redactados e informados pola Interventora de disconformidade porque hai que facer obras.

2.- Hai orzamento para facer as obras?

O sr. Alcalde di que non o sabe e o Sr.Español Otero que van a ver se o fai Portos de Galicia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3.- Hai control por parte do Concello das obras de reposición do pavimento que se están facendo na rúa Rosalía de Castro e Paseo de Portugal.?

Si hai seguimento e estase comprobando que está quedando moi ben.

A sra. Iglesias Ferreria di que se está repoñendo co mesmo material que se retirou.

4.- Hai noticias de Costas sobre o tema de entrada de auga nas casas de Fernandez Albor?

O Alcalde di que está agardando a resposta dese tema e de moitos outros.

5.- Que actuacións se levaron a cabo co proxecto Sendeiro Azul?

Sr Español Otero: Está adxudicado, aínda non comezaron.

6.- Traslada o malestar dos rapaces e familiares sobre o estado no que se atopa o estadio de Fútbol Municipal.

Sr. Español Otero: o problema é que xogan moitos equipos.

Sr. Alcalde: solicitouse o seu arranxo

Sr. Español Otero di que se reparou o muro con fondos unicamente municipais.

O sr. Crespo Gonzalez di que o caucho de repuxo este ano.

7.- Cal é o material que se comprou para o local de ensaio?

A sra. Baz Rodriguez di que se repuxo a batería, altavoces, cableados...

8.-Pide a retirada das bandeiras do Centro Cultural que dan pena.

A sra. Baz Rodriguez di que xa faláron desta fai un mes, ela está encargada de facelo.

9.- Na escola da Portela hai unha rampa que xenera problemas porque os coches se atascan.

O sr. Español Otero di que é unha condición do propio terreo.

ROGOS E PREGUNTAS DE RODRIGUEZ FARIÑAS

1.- Cal é o estado das contas da Estación Marítima? Como está o procedemento de cobros das débedas?

A sra. Magallanes Alvarez responde que o procedemento para o cobro das débedas é para todos igual. Para saber a caso concreto pode preguntar no departamento.

2.- A onde levaron a caseta de cobro do Monte de Santa Tegra?



CONCELLO ALAGUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Crespo Gonzalez está no Pasaxe e está a usala o Club Alagua.

O sr. Rodriguez Fariñas di que é un ben do Padroado e non debe estar alí, ten que estar a servizo do Concello.

3.- O voluntario que atende no albergue de peregrinos pode cobrar os servizos que presta o Concello?

A sra. Secretaria di que só poden cobrar as persoas que teñan vinculación co Concello.

O Alcalde agradece o traballo que realiza altruistamente este voluntario.

O sr. Rodriguez Fariñas di que uns pagan e outros non.

4.- Como está a situación do traspaso do Centro de Saúde ó Sergas?

A sra. Magallanes Alvarez di que a Notaría pide un certificado distinto e que van a mirar se se pode facer. Se é así farase con celeridade xa que o equipo de goberno están moi interesados en realizar a cesión.

O sr. Alcalde di que ten solicitada unha reunión en Santiago para tratar, entre outros. este tema.

O Alcalde informa neste momento que son as 00:00 horas e en virtude do principio da unidade de acto, dado que queda pouco, vaíse continuar.

5.- Cando a oposición vai ter acceso a documentación a que ten dereito pola Lei? Cando vai ter acceso ó Rexistro electrónico?

A sra. Secretaria di que a día de hoxe non hai rexistro electrónico. O único rexistro válido actualmente é accesible para tódolos concelleiros. Cando haxa rexistro electrónico haberá documentos telemáticos e outro en papel.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG

O sr. Baz Vicente:

1.- Con respecto ós Asteleiros Joaquin Castro. Non buscan erros nin responsabilidades de ningún; só buscan solucións. Está pasando o tempo e o están sufrindo os traballadores. Roga que se reuna a mesa de negociación para que, con tódalas pezas reunidas, se lle dea unha solución o asunto. Preguntan se o Alcalde ten pensando facelo e, no caso de non facelo, queren saber o por que?

O sr. Alcalde di que o asunto non está atascado. Quedou paralizada unha decisión da Entidad Local Menor de Camposancos. A empresa neste momento está ben, non paga aluguer. As relacións entre as partes son moi tensas. Di que el vai facer unha proposta por escrito, e dado que a Entidad Local, ten autonomía, que se reunan o presidente cos vocais, a valoren e dean o seguinte paso.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

O sr. Baz Vicente di que o BNG entende que o Alcalde Pedáneo delegou no Alcalde da Guarda. Di que o Alcalde non lles informou das súas xestións. Os traballadores están pedindo que se cree unha mesa de negociación. Pide que lles facilite a proposta que lle vai facer ás partes.

O sr. Alcalde di que non a ten aínda redactada.

2.- Pregunta se a limpeza que se fixo dunhas pintadas nun restaurante do municipio se realizou con medios municipais.

O Alcalde di que os medios municipais limpan espazos públicos.

3.- Que foi do maceteiro que ían colocar na rúa do Porto?

O sr. Español Otero di que xa foron fabricados e se colocará en breve.

4.- Onde está o material dos estudos das excavacións que se fixeron no Monte Santa Trega dende o 1990 ata o 2016? Non hai memorias, nin documentación que acredite onde está o material que alí se extraeu.

O sr. Crespo Gonzalez di que o que aparece en excavacións privadas se deposita no Museo de Pontevedra, excepto os de Mergelina. Di que antes se enviaban anualmente desde PATrimonio resumos das actuacións levadas a cabo con respecto as excavacións

5.- Aprobouse facer a exposición de Mergelina e doutros achádegos abaixo no pobo; como está ese tema?

O sr. Crespo Gonzalez di que o ano que ven o Museo do Monte está de centenario e se están preparando actividades con este motivo. Entre estas actividades podería encaixar esta exposición.

6.- Pregunta se vai haber reconstrucción e quen vai correr cos gastos.

Entre Fomento e Deputación asinouse un protocolo de actuación no que a Deputación excava e Fomento debe realizar labores de conservación e musealización. Fomento non vai cumprir o seu compromiso ata o ano 2018 e a Deputación ten idea de consolidar os castros que xa excavou.

A sra. Ortega Martinez di que ela preguntou por este tema e lle dixeron que hai unha partida orzamentaria aprobada e os técnicos xa van a vir por aquí a visitar os castros.

7.- Di que había clausulas abusivas no concurso fotográfico convocado polo Concello. Non beneficia ó fotógrafo profesional.

A sra. Magallanes Alvarez di que é unha interpretación deles xa que non son clausulas abusivas. O concurso está dirixido ó público en xeral.

O sr. Baz Vicente di que con este concurso estáselle quitando traballo ós profesionais do municipio.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

O Sr. Lomba Alonso:

1.- A rúa Manuel Alvarez vai quedar así definitivamente?

O sr. Español Otero di que só falta a iluminación dos bordillos das xardineiras.

2.- Pide que se pinten novamente as prazas de minusválidos e se instalen indicadores verticais.

3.- Pide que se arranxe o oco que existe na rúa Tui á beira do colexio Manuel Rodriguez Sinde.

O sr. Alcalde di que é un traballo pendente.

O sr. Español Otero di que se está traballando na incautación do aval da empresa que xenerou os problemas. En canto se faga realizaranse esas obras.

A sra. Martinez Vazquez:

1.- pregunta polos convenios relacionados co Portelo Único.

A sra. Magallanes Alvarez di que fixo as consultas con varios concellos e se lle dixo que non hai un convenio específico; que para enviar a documentación á Deputación os veciños deixan a documentación no ORAL, non no Concello.

2.- Solicita a limpeza da rúa que vai por detrás do Campo de Fútbol.

3.- Na Transversal Levada hai un solar cheo de silvas que invaden a rúa. Solicita a limpeza.

4.- Recorda os problemas que está a xerar a estreitura do camiño de Saa porque o sinal non se ve. Hai que mellorar a sinalización.

5.- Solicita o arranxo dunha excavación que se fixo no Alto de Saa.

O sr. Español Otero di que haberá que falar coa Entidade Local Menor.

6.- DI que os muros da casa marcada co número 17 do Camiño de Saa están caendo.

7.- A fonte do Aloque está moi sucia e hai que limpala.

ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

1. Que pasa coa ordenanza de cobrar os servizos do Ges? Un ano vai dende a súa aprobación. Si hai tempo para outras cousas moito menos urxentes, ten que habelo para isto.

O sr. Español Otero di que está traballando nelo a Interventora.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

2. Sobre a transferencia bancaria a PC Componentes por importe de 4.207,55 euros, REPARADA POR INTEVENCION, non había na Guarda, no comercio guardés a prezos similares o que necesitaba o concello? Ademais sabían que ía ser reparado por non cumprir a lei de contratos,

O sr. Alcalde di que hai cousas que se contratan a empresas de fóra. Di que non pode contestar exactamente porque non coñece a que artigos se refire. Di que o problema é que non se pode comprar on-line porque hai que pagar antes.

3. Que pasa ca ordenanza de emerxencia social? Se a houbera igual se atendía mellor a xente, e non habería tanto reparo de intervención.

O sr. Alcalde di que o importante é o traballo do persoal dos Servizos Sociais. Os asuntos se tratan con moito coidado. Sempre se atenden os casos despois de estudialo ben. Os reparos non son culpa da ausencia da Ordenanza.

A sra. Ortega di que a Interventora lle comentou que se houbera ordenanza non habería reparos.

4. Sobre unha obra de mellora nun camiño (cara a os invernaderos) entre San roque e Pintan, non había empresas na Guarda para realizar ese traballo de case 50.000 euros?

O sr. Español Otero di que esa obra se lle concedeu a unha empresa que se dedica especialmente ó aglomerado debido a gran cantidade deste material que se necesitaba.

5. Que pasa con la modificación de ordenanza cobro del Ibi, para rebaixalo a familias numerosas, empresas contraten etc..?

A sra. Magallanes Alvarez di que eso de momento non vai, que o aparcou ata máis adiante porque entende que había cousas máis urxente.

6. Que pasa con la proposta aprobada de crear mesa de Turismo? Eses informes están en Siberia, conxelados? Ou no caixón de algúen.

A sra. Magallanes Alvarez reitera a resposta da pregunta anterior.

7. Ese informe sobre a legalidade da nosa Wifi, xa está elaborado, encargado....?

O alcalde di que xa o teñen e que llo pasarán.

8. Xa se sabe se nos aprobaron a subvención para sinalizar o Muro, segundo se falou no pleno de Xullo?

O sr. Crespo Gonzalez di que xa está concedida. Se está traballando nela.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

9. Que pasa ca moción aprobada da varanda no centro cultural?

O sr. Español Otero di que se está construíndo.

10. ¿O alcalde xa reflexionou sobre a necesidade de contratar unha nova empresa redactora do Plan urbanístico? Outros concellos da contorna, nas mesmas circunstancias van acabar a legislatura con plan.

O sr. Alcalde di que o primeiro é irle coa demanda á Xunta de Galicia en canto se constitua o Goberno. A Xunta de Galicia xa subvencionou a aprobación inicial; agora queren ir á Xunta a falar desto.

11. Esta é unha pregunta do pleno de novembro de 2015, Na rúa Rosentes, utilizada polos usuarios para saír da praia urbana de Arena Grande, se producen problemas de seguridade por este continuo paso de coches, sobre todo no verán. Porque no se coloca un badén redutor de velocidade (a la altura nº43 podías ser boa ubicación por la mala visibilidade de esa curva)?

O sr. Rodríguez Gonzalez di que non lles alcanza o ancho da carretera e están pensando se facelo peraltado.

12. Que pasa coa Ordenanza para regular actividades situacións e instalacións que sexan susceptibles de producir fumes, po, gases, vahos, vapores e cheiros.

O sr. Alcalde di que non hai medios para poder aplicar a ordenanza.

13. Ten pensado facer algo ca caseta que se rifaba na festa do Monte, vai a seguir ocupando lugar de lecer na Alameda todo o ano?

O sr. Español Otero di que falará co coordinador da Festa do Monte para a súa retirada.

14. Cuando se vai a convocar al patronato? Xa hai novos estatutos, pero non se aproban ornamentos, contas.

O Sr. Alcalde di que esta agardando porque ten que definir un par de asuntos que son a subida de taxas e unha proposta para facer unha zona de recepción de visitantes.

15. Porque non se firmou o acordo con Portos para que a policía local poida intervenir no porto, e evitar outros "axentes" dos que moitos restaurantes se queixan.

O sr. Alcalde di que en Portos de Galicia lle ignoran. Di que o Concello non vai asinar un convenio no que só obteña beneficios Portos de Galicia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

16. Qué pasa co cumprimento da sentenza xudicial sobre a rampa da rúa Baixo Muro?

Hai unha solicitude á Xunta para que nos axuden a realizar a obra.

ROGOS

1. Rogo cambien a papeleira do Cruceiro Pinto en Salcidos.
2. Rogo limpen a fonte da Plaza de Salcidos

3. Rogo pavimenten os baches da calle Os Casás, e arranxen a rexilla do auga que cada vez que chove se inunda a rúa.
4. Instar a quen lle corresponda que poña un espello no cruce entre a subida da Cetárea e o carril bici, na estrada.
5. Rogo que na rúa de A Cal, se sinalice en amarelo, nas zonas que por ser moi estreita a rúa, non pasa o camión do lixo cando están aparcados coches a ambos lados ou outro día unha Caravana. E facil de solucionar.
6. As tapas da rede de sumidoiro en moitas ruas, como a Cal están soltas poderíase por unhas gomas que existen en moitas ruas, e cando pasan coches de noite evitamos desperten a todos os veciños.
- 7.- Poderíase reparar todas as losetas soltas nas beirarruas, un pouco de cemento e nunha mañan moitas delas quedarían solucionadas.
- 8.- Que se realice a última fase da humanización da rúa A Cal
- 9- A varanda de Circunvalación necesita reforzo
- 10.- Na rúa de A Cal, casi no cruce con Circunvalación, hai un cable en precario colgado, rogamus revisen
- 11.- O muro da Alameda, frente a Mapfre, sigue nas mesmas condicións. Rogamos que o arranxen
- 12.- En A Sangriña, que limpien restos da gymkana, que pode causar un accidente.
- 13.- Insten á entidade a retirar os sacos de broza da limpeza dos camiños, cerca do cementerio.
- 14.- Instar a quen corresponda, senon é o Concello, a que se arranxen os socavóns ó lado do codesal, no antigo campo de fútbol.
- 15.- Que insten a quen corresponda ó arranxo da obra do novo paseo nas inmediaciones do Codesal, porque ó agua xa se cola por debaixo do paseo.
- 16.- Na rua Irmáns Galdó, que se limpe a maleza nas beirarruas.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

- 17.- Control do tráfico na avenida de Galicia, xa que é habitual ver coches aparcados impedindo a circulación.
- 18.- Inste á Entidad Local Menor de Camposancos, a que arranxen a que pensamos averia, que está sinalizada en precario con conos no Barrio de Saa.
- 20.- No Castro, enfrente da fonte hai unha farola cuberta con "hiedra", sabemos que lles encanta a Magallanes como o dinoseto de Camposancos. Rogamos limpen as duas.
- 21.- Arranxo das beirarruas do campo de futbol da Sangriña.
- 22.- Arranxo das beirarruas da rua Rosal, na urbanización Muiño de Abaixo.
- 23.- Desbrozar cuartel da Guarda Civil.
- 24.- As vallas de madeira desde Codesal hasta a Armona necesitan repasarse, xa que están en mal estado.
- 25.- Grieta no muro da ponte ó lado da igrexa Camposancos. Rogamos o seu arranxo.
- 26.- Roposición de espellos en Camposancos, no Couto, e na carretera de Camposancos nº 78.
- 27.- rogo desratizen a parada de bus, do barrio de Saa, polas continuas queixas dos pais, que van a deixar os fillos para o colexio.
- 28.- Rogo que coloquen a marquesina de donantes de Sangre, xa reiterada
- 29.- rogo a reposición de cristales da marquesina de Fonte Quente.
- 30.- Na subida a Correos, calle Ramon sobrino esquina con Oia , habia unha farola que está desaparecida, Rogo a repoñan.
- 31.- Frente o colexio os Somascos falta a parte de arriba de unha farola.
- 33.- No forne do duque a sinalización dunha senda (camino de Liñares), leva no chan meses. Rogo a poñan no seu sitio.

E sendo ás 01:30 horas do día 1 de outubro de 2016 o Sr. Presidente levanta a sesión.